



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

D.4. Melloras:

A Federación Galega de Balonmán mellorou a oferta coa incorporación á mesma dun speaker en todas as sedes para animación socio-deportiva e aumento de lonas publicitarias en 10 metros a maiores do ofertado.

Por todo o cal,

OUTORGAN

PRIMEIRO.- A Excm. Deputación Provincial da Coruña, representada polo seu Presidente, e a empresa/entidade por DON BRUNO LÓPEZ MOLINA formalizan por medio do presente documento o contrato administrativo que foi referenciado nos precedentes capítulos expositivos.

SEGUNDO.- Ambas partes obríganse ao exacto cumprimento do contrato, con suxeición ao prego de condicións reitoras e á normativa que rexe a contratación nas Corporacións Locais.

TERCEIRO.- Todos os gastos e exaccións de calquera orden que graven o contrato e documentos no que este se formaliza son de conta e cargo do adxudicatario.

Así o din, outorgan e asinan, por duplicado, en presenza do fedatario actuante, no lugar e data expresados no encabezamento.

CONTRATO ADMINISTRATIVO

Número **131** /2025

Na Coruña, a vinte e catro de xullo de dous mil vinte e cinco.

Ante min, DON MIGUEL IGLESIAS MARTÍNEZ, Secretario Xeral da Excm. Deputación Provincial da Coruña,

INTERVEÑEN

DON XOSÉ LUÍS PENAS CORRAL, deputado provincial, por delegación de DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Ilmo. Sr. Presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña

e

DON BRUNO LÓPEZ MOLINA, con Documento Nacional de Identidade 79330257Z que exhibe e retira, e comparece en nome e representación da FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN con Número de Identificación Fiscal G36690832, segundo resulta dos Estatutos aprobados pola Asamblea da Federación Galega de Balonmán celebrada o 17-09-2014 e do certificado da Xefa do Servizo Xurídico-Deportivo da Secretaría xeral para o Deporte da Xunta de Galicia de data 12-12-2022.

Considéroos coa capacidade necesaria para outorgar a presente contratación da ORGANIZACIÓN, REALIZACIÓN E CONTROL TÉCNICO DA "III COPA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DE BALONMÁN 5X5 NA RÚA". CÓDIGO EXPEDIENTE PCO.001.2024.00841, e a tal efecto

EXPOÑEN

- A) Que a Excm. Deputación Provincial da Coruña, mediante resolución da Presidencia número 27610 de data 05 de xuño de 2025, aprobou o prego de cláusulas administrativas e o prego de prescricións técnicas para a contratación da ORGANIZACIÓN, REALIZACIÓN E CONTROL TÉCNICO DA “III COPA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DE BALONMÁN 5X5 NA RÚA”. CÓDIGO EXPEDIENTE PCO.001.2024.00841 e dispuxo a súa contratación mediante procedemento negociado sen publicidade por apreciar que concorren as circunstancias previstas no artigo 168.a) 2º da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público.
- B) Que este contrato réxese polo prego de condicións publicado no Perfil do Contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público con número de expediente PCO.001.2024.00841 do que resulta, entre outros particulares, que:
- a) O orzamento total máximo do contrato ascende á cantidade de 150.000,00 euros, exento de IVE.
 - b) Prazo de execución:

12 meses desde a formalización do contrato en documento administrativo.

Dentro dun prazo de execución tan prolongado e dadas as características das prestacións para satisfacer neste contrato, poderán ser obxecto de modificacións tanto os concellos sede de participación como as datas de celebración, previa autorización por parte desta Deputación, cando se dean circunstancias sobrevindas que impidan a súa execución nos prazos inicialmente previstos.
 - c) Dispón que o prezo do contrato sexa abonado segundo establece a cláusula 27 do Prego.
 - d) Fixa como prazo de garantía: tres meses desde a aprobación do único pago.
 - e) Prevé os supostos de rescisión e resolución e o alcance das responsabilidades por danos e prexuízos a que houbera lugar.
- C) Consta no expediente a documentación establecida no prego de cláusulas administrativas particulares e a entidade autoriza a descontar a garantía definitiva por importe de 7.500 euros (5 por cento do prezo, excluído o IVE) da factura pola que se lle aboe o prezo do contrato, polo que non é preciso efectuar o requirimento previsto no artigo 150.2 da Lei 9/2017.
- D) Que unha vez cumpridos os trámites da contratación, o contrato de ORGANIZACIÓN, REALIZACIÓN E CONTROL TÉCNICO DA “III COPA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DE BALONMÁN 5X5 NA RÚA”. CÓDIGO EXPEDIENTE PCO.001.2024.00841 foi adxudicado á FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN con Número de Identificación Fiscal G36690832, segundo consta na resolución de Presidencia número 31345 de data 27 de xuño de 2025 nas seguintes condicións:

D.1. Información do contrato:

Tipo de contrato: Servizos.

Procedemento: Negociado sen publicidade.

D.2. Prazo de execución:

12 meses desde a formalización do contrato en documento administrativo.

Dentro dun prazo de execución tan prolongado e dadas as características das prestacións para satisfacer neste contrato, poderán ser obxecto de modificacións tanto os concellos sede de participación como as datas de celebración, previa autorización por parte desta Deputación, cando se dean circunstancias sobrevindas que impidan a súa execución nos prazos inicialmente previstos.

D.3. Prezo do contrato:

O orzamento total máximo do contrato ascende á cantidade de 150.000,00 euros, exento de IVE, coa seguinte desagregación:

Concepto	Importe
Infraestrutura	
Pista de xogo	6.650,00 €
Carpas	12.600,00 €
Gradas	38.000,00 €
Vallas publicitarias	6.800,00 €
Megafonía	3.200,00 €
Trust e redes de contención	1.800,00 €
Pantalla LED	12.400,00 €
Auga deportistas	1.400,00 €
Uniformidade deportistas	16.200,00 €
Material (balóns, bancos..)	6.200,00 €
Organización	
Seguros	2.100,00 €
Dietas organización	9.800,00 €
Organización e xestión	12.400,00 €
Difusión	
Streaming e fotografía	5.900,00 €
Publicidade	4.150,00 €
Premios	
Trofeos e medallas	6.200,00 €
Obsequios	4.200,00 €
TOTAL:	150.000,00 €

(*) De conformidade coa consulta vinculante V0607, do 18 de febreiro de 2015, da subdirección Xeral de Impostos sobre o consumo, a Federación está exenta de IVE.”

Exención prevista no artigo 20.Un.13º da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido.

No orzamento enténdense incluídos todos os gastos, taxas, recargas, comisións, dereitos, impostos de calquera natureza que graven a actividade contratada.